



RESOLUCIÓN do 26 de marzo de 2024 pola que se publica a listaxe de puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de unha praza de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a xestión do proxecto TRANSFIRESAÚDE, convocada por resolución do 2 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro)

O tribunal nomeado por Resolución do 11 de xaneiro de 2024 pola que se nomea o tribunal de selección de prazas de xestores de proxecto convocadas pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a xestión de proxectos europeos na Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, en base á mencionada convocatoria do 2 de xaneiro, elevou a esta Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a listaxe coas puntuacións globais definitivas de dito proceso selectivo; polo que, en uso das facultades conferidas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, de 19 de agosto) e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta xerencia,

RESOLVE

Primeiro: Facer pública a listaxe coas puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de unha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a xestión do proxecto TRANSFIRESAÚDE.

Dita relación, que figura como anexo a esta resolución, publicarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (acis.sergas.gal).

Segundo.- De acordo coa base sexta da convocatoria, o/a aspirante a contratar é aquel/a que ten acadada a maior puntuación, e deberá presentar no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, a seguinte documentación ante a Axencia:

-Tarxeta Sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.



-Certificado médico oficial ou informe de saúde no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.5 da convocatoria.

-Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas a efectos de acreditar os extremos sinalados na base 2.1.6 da convocatoria.

Se o/a candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (caso no que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da listaxe de puntuacións definitivas, que deberá presentar nun novo prazo de 5 días hábiles a documentación reseñada no punto 6.4 da convocatoria.

Despois de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto da convocatoria.

Terceiro.- Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo





Relación de aspirantes coas puntuacións globais definitivas, no proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal de unha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a xestión do proxecto TRANSFIRESAÚDE.

Candidatos/as	DNI	Baremación méritos	Puntuación entrevista	Total
RODRÍGUEZ BLANCO, OLALLA	*889C	12,65 puntos	1 punto	13,65 puntos
VÁZQUEZ POMBO, ALEJANDRO	*100Y	6,4 puntos	2,8 puntos	9,2 puntos

